

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLA VIXILANCIA E ESTACIONAMIENTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA NOS APARCAMENTOS DO FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA

CAPÍTULO I.-ESTABLECEMENTO

ARTIGO 1º. ESTABLECEMENTO

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co artigo 41, ambos do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de vixilancia de vehículos en lugares destinados a aparcamento, en locais ou terreos distintos da vía pública, que se rexerá pola presente ordenanza.

CAPÍTULO II.-NORMAS XERAIS

ARTIGO 2º. OBXECTO

1.- Constitúe o obxecto do prezo público que se establece na presente Ordenanza a vixilancia de aparcamentos como consecuencia do estacionamento de vehículos de tracción mecánica nos aparcamentos pechados que se organicen polo Concello con motivo do festival internacional do mundo celta de Ortigueira. O prezo público inclúe o operativo de posta a disposición do público dos aparcamentos, así como o sistema de vixilancia dos vehículos.

2.- Aos efectos deste prezo público entenderase que o servizo comeza desde o momento en que os vehículos acceden aos aparcamentos. Os días de permanencia son naturais. Non hai fraccións por minutos nin por horas.

3.- Non está suxeito ao prezo público regulado na presente Ordenanza o estacionamento dos seguintes vehículos nas circunstancias que se expresan:

- a) Os vehículos ambulancias que estean prestando servizos sanitarios.
- b) Os vehículos pertencentes aos corpos de seguridade do Estado.
- c) Os vehículos de propiedade municipal.
- d) Os vehículos de transporte público urbano, durante o tempo indispensable para a prestación dos seus servizos públicos e sempre que o condutor estea presente.
- e) Os vehículos conducidos ou que transporten minusválidos e que sexan titulares da “Tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida.

ARTIGO 3º. OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta Ordenanza as persoas físicas ou xurídicas que se beneficien da prestación do servizo ou actividade administrativa de que se trata, por tratarse dos condutores ou propietarios de vehículos que utilicen os aparcamentos de propiedade municipal.

ARTIGO 4º. OBRIGACIÓN DE PAGO

A obrigación de pagar o prezo público nace no momento en que se efectúe o acceso á zona sometida a vixilancia regulada no artigo 2 desta Ordenanza.

ARTIGO 5º. PREZOS

Os importes dos prezos públicos correspondentes regulados na presente Ordenanza son os que se conteñen no seguinte cadro:

Vehículo-	Automóvil, motos.	Caravana, similares	Bus e similar
Día de entrada			
Xoves	15 €	30 €	45 €
Venres	15 €	30 €	45 €
Sábado	10 €	20 €	30 €
Domingo	-	-	-

CAPÍTULO III.-NORMAS DE XESTIÓN

ARTIGO 6º. RÉXIME DE AUTORIZACIÓN E PAGO

- 1.- As persoas interesadas na utilización do aparcamento a que se refire a presente Ordenanza, deberán abonar o prezo público ao acceder á instalación.
- 2.- A obtención do correspondente ticket autoriza o estacionamento de vehículos nas zonas determinadas para elo durante o tempo consignado no propio ticket, segundo o prezo abonado de acordo co previsto no artigo 5.
- 3.- A efectos de acreditar o pago do prezo, o ticket a que se refire o apartado anterior deberá de exhibirse na parte interior do parabrisas dianteiro (salpicadeiro) do vehículo, de forma totalmente visible desde o exterior.
- 4.- O feito de abonar o prezo público non exime ao condutor do cumprimento das disposicións vixentes en materia de seguridade vial. O presente precio público é independente e compatible coas sancións que, previo procedemento sancionador, se poidan impoñer por infracción en materia de tráfico e de ordenanzas municipais.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da publicación do o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo previsto no artículo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.